

PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR A GRELA-BENS

Identificación e enderezo do establecemento





Repsol Petróleo, S.A.
 Polígono industrial de Bens
 15008 A Coruña (A Coruña)






As instalacións de Repsol Petróleo, S.A., situadas no polígono industrial A Grela-Bens, no concello de A Coruña (A Coruña), están afectadas polas disposicións do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas. A empresa facilitou á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a notificación recollida no artigo 7 co contido establecido no número 1 de dito artigo, así como o informe de seguridade indicado no artigo 10, número 1, do Real decreto 840/2015.






Actividade do establecemento

Refino de petróleo.

SUBSTANCIAS SUSCEPTIBLES DE XERAR ACCIDENTES GRAVES

Nome	Frases H	Pictogramas
Butano	H220 – Gas extremadamente inflamable.	
Propano	H220 – Gas extremadamente inflamable.	
Propileno	H220 – Gas extremadamente inflamable.	
Butenos	H220 - Gas extremadamente inflamable. H340 - Pode provocar defectos xenéticos. H350 - Pode provocar cancro.	

Nome	Frases H	Pictogramas
Fración C4	<p>H220 - Gas extremadamente inflamable. H340 - Pode provocar defectos xenéticos. H350 - Pode provocar cancro.</p>	
Gas natural	<p>H220 - Gas extremadamente inflamable. H280 - Gas comprimido.</p>	
Gasolina e nafta	<p>H224 - Líquido e vapores extremadamente inflamables. H304 - Pode ser mortal en caso de ingestión e penetración nas vías respiratorias. H315 - Provoca irritacións na pel. H336 - Pode provocar somnolencia ou vertixe. H340 - Pode provocar defectos xenéticos. H350 - Pode provocar cancro. H361 - Sospéitase que prexudica a fertilidade ou dana o feto. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros</p>	
Queroseno	<p>H226 - Líquido e vapores inflamables. H304 - Pode ser mortal en caso de ingestión e penetración nas vías respiratorias. H315 - Provoca irritacións na pel. H336 - Pode provocar somnolencia ou vertixe. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.</p>	
Gasóleo	<p>H226 - Líquidos e vapores inflamables. H304 - Pode ser mortal en caso de ingestión e penetración nas vías respiratorias. H315 - Provoca irritación cutánea. H332 - Nocivo en caso de inhalación. H351 - Sospéitase que provoca cancro. H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas. H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.</p>	

Nome	Frases H	Pictogramas
Fuel óleo	<p>H332 - Toxicidade aguda inhalación.</p> <p>H350 - Pode provocar cancro (por inhalación).</p> <p>H361d - Toxicidade para a reprodución.</p> <p>H373 - Pode provocar danos nos órganos tras exposicións prolongadas ou repetidas.</p> <p>H410 - Toxicidade acuática crónica.</p>	
Sulfuro de hidróxeno	<p>H220 - Gas extremadamente inflamable.</p> <p>H330 - Mortal en caso de inhalación.</p> <p>H400 - Moi tóxico para os organismos acuáticos.</p>	
Cru	<p>H224 - Líquido e vapores extremadamente inflamables.</p> <p>H304 - Pode ser mortal en caso de ingestión e de penetración nas vías respiratorias.</p> <p>H319 - Provoca irritación ocular grave.</p> <p>H336 - Pode provocar somnolencia ou vertixe.</p> <p>H350 - Pode provocar cancro.</p> <p>H373 - Pode provocar danos no sangue, timo, estómago, ril, fígado, nódulos linfáticos, glándulas suprarrenais e medula ósea tras exposicións prolongadas ou repetidas.</p> <p>H411 - Tóxico para os organismos acuáticos, con efectos nocivos duradeiros.</p>	
ETBE	<p>H225 - Líquido e vapores moi inflamables.</p>	
Etanol	<p>H225 - Líquido e vapores moi inflamables.</p>	

Posibles accidentes graves e os seus efectos

Nas instalacións que a empresa Repsol Petróleo ten no concello da Coruña están presentes substancias inflamables, tóxicas para as persoas e para os organismos acuáticos. Unha vez estudadas as análises dos riscos realizadas para as instalacións e os resultados dos cálculos para a definición das zonas de planificación, conclúese que os únicos accidentes que poden xerar efectos no exterior da instalación son aqueles en que están implicadas as substancias indicadas.

Nos posibles escenarios accidentais considerados, o caso máis desfavorable que pode xerar efectos no exterior do establecemento correspóndese cunha dispersión tóxica orixinada por rotura en liña de gas ácido de acumulador de rexeneradora de aminas.

Enténdese por caso máis desfavorable aquel en que as medidas de protección e prevención do establecemento non responden.

Actuación do establecemento en caso de accidentes graves

O industrial está obrigado a tomar as medidas axeitadas na instalación, incluído o contacto cos servizos de emerxencia, co fin de actuar en caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus riscos.

As actuacións de intervención no establecemento e a comunicación ás autoridades competentes están reflectidas no Plan de autoprotección das instalacións.

Plan de emerxencia exterior

A Dirección de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia elaborou o Plan de emerxencia exterior A Grela-Bens co obxecto de previr e, de ser o caso, mitigar as consecuencias de posibles accidentes graves previamente analizados, clasificados e avaliados, e establecer as medidas de protección máis axeitadas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación das autoridades, órganos e servizos chamados a intervir.

Este plan de emerxencia exterior foi elaborado seguindo o indicado no artigo 13 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

Co obxecto de planificar unha posible emerxencia, defínense dúas zonas de actuación: unha zona de intervención, definida como aquela en que as consecuencias dun posible accidente producen un nivel de danos que xustifica a aplicación inmediata de medidas de protección, e unha zona de alerta, definida como aquela en que as consecuencias dun posible accidente provocan efectos que, aínda que perceptibles pola poboación, non xustifican a intervención, agás para os grupos críticos da poboación.


De acordo coa avaliación dos riscos, e para a hipótese e o escenario máis desfavorables, defínense unha zona de intervención de 417 m de raio e unha zona de alerta de 8.131 m de raio.

Alerta e información á poboación

Ante unha situación no establecemento que poida dar lugar a accidentes graves, alertarase e informarase a poboación afectada.

Os medios previstos son:

- O sistema primario de avisos á poboación consistirá en sirenas electrónicas, controladas tanto en local como a través dun sistema remoto instalado no CIAE112- GALICIA.
- Como sistema secundario utilizarase a megafonía da Garda Civil, da Policía Local da Coruña e de Arteixo e das agrupacións de voluntarios de Protección Civil, cando a situación o aconselle.

- Avisos a través dos medios de comunicación social: Radio Galega: 104.8 FM, Radio Nacional: 100.4 FM, @112Galicia , e calquera outro que se considere necesario.

MEDIDAS QUE DEBERÁ ADOPTAR A POBOACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

Instrucións de confinamento e autoprotección

- Se estás na rúa, para maior precaución, e se tes molestias, podes respirar a través de panos mollados e procura un lugar pechado para protexerte (local, edificio...).
- Pecha portas e ventás e, se é posible, baixa as persianas e afástate delas.
- Evita fumar, non acendas lume, candeas nin luces de gas.
- Non utilices o teléfono, salvo que sexa estritamente necesario.
- En caso de necesidade, coloca trapos húmidos nas fendas.
- Non utilices aparellos de ventilación.
- Non baixes aos sotos.
- Sigue con atención as instrucións das autoridades.

Instrucións de afastamento e refuxio

No caso de que sexa necesario o afastamento e refuxio, informaranse a poboación e os establecementos veciños, mediante avisos directos a través dos medios de comunicación, do destino e traxecto que deberán seguir de acordo coas seguintes instrucións:

- Durante o traxecto, protexe as vías respiratorias con panos ou trapos e busca refuxio.
- Unha vez no destino, refúxiate no interior dun local ou edificio e pecha as ventás e as portas.
- Non vaías buscar os nenos ao colexio; os seus mestres coidarán deles segundo un plan preestablecido.
- Non utilices o teléfono, salvo que sexa estritamente necesario.
- Escoita as emisoras de radio locais e sigue as recomendacións e instrucións que irán difundindo as autoridades.

DURANTE A EMERXENCIA



NON VAIAS BUSCAR OS NENOS AO COLEXIO

Os seus mestres coidarán deles segundo un plan preestablecido. Os centros de ensino son lugares de atención prioritaria e terán a axuda precisa en función do desenvolvemento da emerxencia.



NON UTILICES O TELÉFONO

Hai que deixar as liñas libres para os equipos de intervención.



PARA MAIOR PRECAUCIÓN, E SE TES MOLESTIAS, PODES RESPIRAR A TRAVÉS DE PANOS MOLLADOS

O aire pode estar contaminado.



EVITA FUMAR, NON ACENDAS LUME, CANDEAS NIN LUCES DE GAS

Por unha eventual presenza de produtos inflamables no aire.



AFÁSTATE DAS VENTÁS E CRISTALEIRAS

Ainda que sempre será de baixa intensidade, se hai perigo de estoupido péchate na parte oposta do lugar onde se espera o estoupido.



SIGUE CON ATENCIÓN AS INSTRUCIÓNS DAS AUTORIDADES

Manterante informado de todas as medidas adicionais que se deberán adoptar.

NON SAIAS AO EXTERIOR ATA QUE CHO COMUNIQUEN AS AUTORIDADES

Última inspección

Segundo plan anual de inspección.

Pódense obter, logo de solicitude, os datos acerca da última visita *in situ* e do plan de inspección, en:

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña

Información adicional

Se desexa consultar máis información, pódese dirixir a:

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña